



ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- **Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.**
- **Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria seguindo o criterio sinalado na programación:**

1º ciclo ESO: media das tres primeiras avaliacións

2º ciclo ESO: nota da terceira avaliación, sendo esta o resultado de calcular a media da segunda (media da primeira e a segunda) e a terceira.

- **O alumnado con dita cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia suspensa mediante a superación de:**

Farase un exame escrito e/ ou traballo, dos contidos que veñan no currículo e que foran explicados nas clases e unha serie de probas e/ ou tests prácticos tamén sobre as tarefas desenroladas durante o curso e que veñan no currículo.

Os estándares que se van avaliar, serán todos os correspondente os contidos examinados nas distintas probas realizadas o longo do curso e que estean especificados na programación.

A proba ou exame teórico e ou traballo terá o valor dun 20% da nota final, as probas e / ou test prácticos terán un valor dun 60% da nota final e o 20% restante corresponderá coa nota que resulte da suma de : 10% media das 3 avaliacións na parte actitudinal (contidos comúns) + 10% valoración da parte actitudinal nas clases deste período.



suma das notas superan o 7 nas décimas, redondearase á nota seguinte, por exemplo se se ten un 5,71 redondearase a 6. So se redondeará cando a cualificación sexa superior ó cinco nas unidades. Para superar a materia a cualificación deberá ser igual ou superior a 5.

Tanto no exame práctico como no teórico é obrigatorio traer o material adecuado tanto deportivo como didáctico, o feito de non traelo suporá non poder facer os exames, e polo tanto non superar a materia.

Aqueles alumnos/as que teñan que facer as probas da avaliación final e aleguen problemas de saúde para non facer as probas prácticas ou teóricas, deberán presentar un certificado médico oficial, no que se sinale o tipo de exercicios que non pode realizar, así como os que pode realizar para que o profesor/a poida adaptar as probas ás súas limitacións e así poder examinar se é posible cun reforzo educativo.

No caso de que a execución práctica teña que adaptarse (certificado médico debidamente cumprimentado), farase un exame teórico e ou traballo que valerá o 50% da nota (preguntas curtas, test ou deseño) e 50% de práctica adaptada e preguntas prácticas de descripción de técnicas,tácticas,actividades,quencementos ou adestramentos, que non poidan realizar pero que si permitan o desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe. (R.E.)